

**Estrea do filme documental ‘O Barco da Memoria’ en Pontevedra, unha produción da TVG e Saga TV en colaboración coa Consellería de Cultura, o vindeiro luns 8 de xaneiro, ás 8 da tarde na Biblioteca Pública.**



*A xornada complétase coa chegada da exposición **‘Os Mártires do Mar, a represión franquista contra os mariñeiros galegos’**, que se manterá aberta do 8 ao 19 de xaneiro.*

## Filme Documental **‘O Barco da Memoria’**



### FICHA TÉCNICA

O filme documental "O Barco da Memoria" é unha produción da Televisión de Galicia (TVG) en coprodución con Servizos Audiovisuais Galegos (SAGA) que conta coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Esta é a súa Ficha Técnica:

- Dirección e Produción: **Marcos Gallego**
  - Guión e Axudante de Dirección: **Comba Campoy**
  - Axudante de guión (USC): **Aurora Pena**
  - Banda de son orixinal: **MARFUL**
  - Dirección de Fotografía: **Fran Piñeiro**
- Interviron:
- **Dionísio Pereira**
  - **Matías Rodríguez**
  - **Concha Nogueira**
  - **Carmen Meaños**
  - **Silverio Chaves**
  - **Severino Domínguez**
  - **Pancho Pita**
  - **Gonzalo Paz**
  - **Serafín Mourelle**
  - **Manuel Rivas (voz)**. Autor do discurso inaugural da exposición.
  - **Antón Bugallo**. Operador de Cámara.
  - **Iago Caramés**. Operador de Son e Axd. de Produción.
  - **Mon Moares**. Edición e Posprodución.
  - **Manuel García**. Edición e Posprodución.
  - **Diego Suárez**. Posprodución de Son.

## SINOPSE

Logo de 70 anos do golpe militar fascista, viaxamos até uns recordos durante demasiado tempo reprimidos. O documental **O barco da memoria** emprende unha viaxe por diferentes vilas da costa de Galiza que, dunha maneira ou de outra, padeceron a barbarie dos golpistas.

Neste periplo pola memoria colectiva dun mar asoballado atopamos algúns personaxes que, en representación de tantos outros, emprenden unha viaxe até o interior das súas lembranzas nun ano, 2006, proclamado tanto pola Xunta de Galiza como polo goberno estatal, "ano da memoria".

## MEMORIA

En 2006 cúmprese un tenebroso aniversario, o do terríbel golpe militar do 18 de Xullo de 1.936 que desembocou na ditadura de Franco. Pasados 70 anos de desmemoria é xa tempo de recordar a aqueles que deron a súa vida e a todos os que padeceron a dureza da guerra e as inxustizas da ditadura fascista. En Galiza, un dos colectivos máis perseguidos foi o dos traballadores do mar, dado o forte nivel de mobilización e de actividade sindical durante os anos da República, o que os convertiu automaticamente en sospeitosos e, en moitos casos, en vítimas da represión máis asañada. Por riba, os familiares dos represaliados e os superviventes tiveron que ocultar durante décadas as súas historias, vítimas dun clima de silencio tecido durante a Ditadura e prolongado durante a chamada Transición co argumento dunha enganosa vontade de "reconciliación".

Co obxecto de facer xustiza con todas as persoas que padeceron o terror fascista, o ano 2006 foi declarado **"Ano da memoria"** pola Xunta de Galiza. As actividades desenvolvidas co gallo desta efemérede pretenden ir alén da homenaxe e cumprir unha función educativa e concienciadora, restituíndo os nomes e os feitos silenciados ao seu lugar na nosa Historia. Nesa liña, o vapor "Hidria II" viaxou desde Xullo a Setembro pola costa galega cunha exposición permanente no seu interior. Este documental, baixo o título de **"O Barco da Memoria"**, quere deixar constancia do periplo do barco polas distintas vilas, nas que os distintos colectivos cidadáns acompañaron a exposición con numerosas actividades paralelas, dando boa mostra do forte apoio social que están a recibir todas as iniciativas de recuperación da Memoria Histórica. Porén, non é o obxectivo desta produción facer un seguimento pormenorizado de todas as actividades desenvolvidas en paralelo á **exposición "Os Mártires do Mar"**. Pola contra, o que se pretende é ampliar o abano de receptores da exposición, achegando os seus contidos a todas aquelas persoas que non puideron visitala. Noutras palabras, o documental pretende constituír a **versión audiovisual da exposición** coordinada por Dionisio Pereira, prolongando dese xeito a súa importantísima función divulgadora.

Paralelamente á viaxe de reconstrución da tan necesitada memoria colectiva a bordo do "Hidria II", viaxaremos xunto con oito dos afectados até os seus máis íntimos recordos sobre a represión vivida.

O documental consta de dúas partes engarzadas nunha mesma viaxe. Deste xeito, a viaxe física do "Hidria II" ao longo dos distintos portos galegos daralle paso, por unha banda, á viaxe persoal dos nosos protagonistas, e pola outra á **exposición itinerante "Os Mártires do Mar: A represión franquista contra os mariñeiros galegos"**, que versa sobre o ocorrido á xente do mar durante aqueles terríbeis anos. A estas persoas atoparémolas tanto nos portos visitados polo barco, nun espazo e tempo concretos, coma nun lugar atemporal e común desde onde narrarán a súa experiencia como represaliados durante a Guerra Civil e durante o réxime de terror.

Cada un deles ten as súas vivencias propias, mais todas conflúen no "Barco da Memoria".